

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA 25.07.1996, 19.30 HORAS

## NO DÍA DE GALICIA DE 1996

por

MANUEL FRAGA IRIBARNE  
Presidente da Xunta de Galicia

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia,  
Sr. Delegado do Goberno,  
Autoridades e representacións,  
Miñas Donas, meus Señores:

Recibe a Medalla de Galicia, coa que queremos recoñecer os servicios que ten prestado ó noso pobo, á nosa cultura, e á nosa terra, un grupo de institucións e persoeiros, e tal é unha das dúas razóns que nos congregan hoxe aquí. A outra é celebrarmos xuntos solemnemente a festa do Día de Galicia.

Cómpre, pois, en primeiro lugar, felicitar ós galardoados pola súa medalla; e inmediatamente facer extensiva a



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

felicitación a tódolos presentes; e de seguido felicitarnos nós, tódolos galegos, polo feito de poder comparti-la amizade e estar presentes un ano máis en paz e liberdade.

## 1

Galicia honra coas Medallas que levan o seu propio nome a algúns dos que a aman e a serven. Pero tamén os carga cunha certa obriga engadida. As Medallas Galicia, en efecto, ademáis dunha mostra de gratitude polas prestacións cumpridas, constitúen unha prenda dos servicios que haberán de presta-los galardoados no futuro inmediato. Esta honra convida e obriga ós seus portadores a seguir servindo ó Pobo Galego sen desfalecemento ata o mesmo día do seu pasamento; ou, por dicilo co acre humor do noso Premio Nobel de Literatura, os “obriga a morrer coas botas postas” cadanseu no propio oficio.



XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

As Medallas Galicia honrannos tamén ós demais galegos. Honrannos a todos, como cidadáns dun Pobo agradecido que sabe recoñece-los méritos dos seus concidadáns máis esgrevios, sen ignoralos por inconsciencia ou por envexa. E tamén obrigannos a todos, no canto que nos aguilloan á emulación; no canto que nos convidan a tódolos que somos fillos ou afillados de Galicia, quer a comezar axiña a traballar por ela, quer a proseguir con anovada ilusión esforzos seica xa por moitos anos desenvolvidos antes de agora.

2

Señoras e Señores galardoados coas Medallas Galicia 1996 nas súas tres categorías: Todos vós cumprides dabondo o requisito que marca o decreto creador das Medallas, cando sinala que han ser concedidas só a *persoas físicas ou xurídicas*

3




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

*salientables polos seus méritos e polos servicios prestados a Galicia.*

O relatorio dos vosos méritos é coñecido dabondo por propios e estraños e, a maiores, ten sido divulgado polos medios de comunicación cunha certa minuciosidade. Pero só cos méritos lidos namentres se procedía ás entregas de medallas e pergameos chega para botar contas nidias dos contraídos, por todos: persoas individuais e colectivos empresariais ou asociativos de diversa cualificación xurídica; merecementos tanto máis rechamantes canto que foron sucedéndose e acumulándose, en case que tódolos casos, durante períodos tan longos que sobrepasan os cinco lustros, e nalgúns casos o medio século.

Tamén falan os vosos *curricula* de labores e servicios cumpridos en tarefas moi senlleiras. Tarefas importantes, consideradas dende a propia obxectividade, e en termos sociais xerais. Pero moito máis importantes aínda, contempladas en relación á estrutura socioeconómica de Galicia. Enfatizo, xa que logo, que se trata de profesións relacionadas con materias



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

tan esenciais para nós, como son o campo, o mar, a alimentación, a industria, o comercio, os servicios e a cultura.

As Medallas Galicia lucirán así nos peitos de persoas dedicadas ás conservas, á enotecnia, á hostelería, ós lacticinios, e á restauración, no sulco da *alimentación*; a profesionais da silvicultura, da vitivinicultura, e da zootecnia, no eido do *campo*; a distinguidos expertos na navegación e a pesca, no referente ó *mar*; a xentes da fundición, da construción, da electricidade, e do turismo, no referente á *industria*; á exportación de produtos galegos a España, Europa, América e Xapón, no que atinxe a actividade de *comercio*; a líderes na organización e administración do asociacionismo, da cooperación, da diplomacia, da emigración, do funcionariado, do maxisterio, do monacato e do sacerdocio, no campo dos *servicios*; e a persoeiros destacados na *cultura*, cos máis heteroxéneos regos dela representados, dende a arquivística, ata a edición; dende a cociña, ata os deportes; dende a escena, ata a investigación; dende a medicina, ata a veterinaria; dende a crítica ata o mecenazgo.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

¡Noraboa a todos vostedes pola condecoración que acaban de recibir e que acadáchedes con admirable esforzo!

E permítanme que por desexo expreso da Señora Ministra de Medio Ambiente lle transmita ó "Grupo de Forzas Armadas Unidade de Focas 43" a súa cordial felicitación pola distinción que hoxe recibe.

3

A felicitación que antecede abarca ós galardoados con tódalas medallas de ouro, prata e bronce, sen excepción. Por mor da brevidade non pido gabalos a todos, nomeándoos un por un, como sería de xustiza. Espero, con todo, que os demais saberán desculpar se agora paro mentes, aínda que sexa moi

6



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

brevemente, no *Museo de Pontevedra*, a institución que recibe este ano de 1996 a Medalla de Ouro de Galicia.

O *Museo* -e cando só dicímo-lo *Museo*, xa é sabido aquí en Galicia que estamos a referírmonos ó de Pontevedra, aínda que hai moitos outros na nosa terra- é, sen dúbida, unha das institucións culturais máis representativas de Galicia. Foi fundado en 1927 pola Deputación Provincial de Pontevedra -e non será superfluo lembrar neste intre que as tantas veces denostadas Deputacións Provinciais se xustificarían só con crear ou manter unha creación coma o *Museo*, aínda que cren e manteñan moitas outras e, a miúdo, ás caladas-.

O *Museo* é unha institución exemplar que, pese a ser unha asociación septuaxenaria aparece coma unha árbore vizosa que alimenta co zume que chuchan as súas raíces crechas, ben chantadas na alma terra, unha copiosa colleita de froitos granados e de proxectos afoutos. O *Museo*, en realidade, é unha institución centenaria, pois máis que o iniciador dunha idea, foi o continuador da tradición desenvolvida pola *Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra*



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

dende 1894, recolléndoa, potenciándoa e aumentándoa. A continuidade é así un dos seus méritos principais. Pero ten moitos outros.

O *Museo* é a canle real por onde verteu forzas creadoras coordinadas a flor dunha intelectualidade pontevedresa, de nación e de veciñanza, extraordinaria por todo. Para decatarse disto, abonda lembra-la onomástica de fundadores que rodearon e reforzaron a autoridade de D. Daniel de la Sota, o seu primeiro presidente: Sampedro Folgar, Sánchez Cantón, Losada Diéguez, Álvarez Limeses, Filgueira Valverde, Castelao, Millán, Riestra, Argenti... ¡Admirable conxunción de patricios e afortunada Pontevedra! Moi poucas cidades españolas, fóra de Madrid, xuntaron na primeira metade do século un feixe semellante de homes xeniais. Todos eles deixaron perdurable obra individual e, por enriba, ésta colectiva do *Museo*.

Pero, como xa puxo de relevo nalgunha acasión seu actual e eficiente Director D. Carlos del Valle, a vida do





XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

Museo de Pontevedra está intrínsecamente unida á biografía de D. Xosé Filgueira Valverde e é parte da súa propia vida.

Durante o seu mandamento, dende 1942 a 1986, o Museo caracterizouse polo crecemento constante en tódalas esferas (espacios físicos, fondos, actividades, etc), pola súa apertura a tódolos campos da cultura e pola riqueza e diversidade das iniciativas. A formación do Prof. Filgueira -certamente enciclopédica- proxectouse tamén nas miras da institución.

En segundo lugar, debe salientarse que o Profesor Filgueira soubese facer do Museo un prestixioso centro de investigación dotándoo da infraestrutura necesaria para tal mester. E moi relacionado con isto, o gran valor educativo do Museo, creando xa nos anos corenta a figura dos alumnos colaboradores, dos que agromaron posteriormente tantos valores da cultura galega.

Gracias a él, o *Museo* non é un museo máis. O *Museo* foi e segue a ser un adiantado da institución museística posta ó servicio da cultura que o nutre, da terra que o soporta, e do



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

pobo que o sufraga. Nunca foi unha caixa forte pechada con sete chaves, chea de xoias agachadas. Ó contrario, foi sempre, e segue a ser, un fogar no que poden ser estudiadas as antigüidades, documentos e tesouros de incalculable valor histórico e prehistórico, artístico e técnico, antropolóxico e relixioso que conserva. Así é o *Museo* casa acolledora que mantén decote as súas portas abertas, e onde tódolos estudiosos, interesados ou curiosos que alí acoden, achan bibliografía, catalogación, documentación e asesoramento sobre as mesmas pezas alí amorosamente preservadas da destrucción e do esquecemento.

Para a súa sede rehabilitáronse media ducia de edificios singulares. Leva organizadas máis de trescentas exposicións e outros tantos concertos. Acomoda máis de cen mil libros e garda arredor de quince mil obxectos singulares e valiosos - entre eles, coleccións únicas de ouro, prata e acibeche-. Conserva mais número de coleccións particulares, producto de doazóns, que ningunha outra institución civil galega.



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

E, sobre todo iso, o *Museo* ten un capital envexable de colaboradores que son os que lle dan alma a un corpo cultural tan valioso. Todos eles constitúen uns recursos humanos excepcionais, dignos de imitación, de admiración, e de aplauso. A todas esas persoas honramos hoxe, por tanto, coa Medalla de Ouro de Galicia: ós *patronos*; ós *directores*; ós *empregados*; ós *alumnos* colaboradores e bolseiros; ós moitos *voluntarios* que fan de guías, animadores, catalogadores, restauradores, consultores e as mil tarefas que unha empresa de tanta envergadura esixe; e, en fin, ós *mecenas* do Museo -entre os que figuran persoeiros tan insignes como D. Antonio Pastor, D. Álvaro Gil, D. José Fernández López, o Conde de Bugallal, D. Gonzálo Fernández de la Mora, e outros-.

A todos eles, ben representados nas persoas do director emérito, o Dr. Filgueira Valverde e o director Dr. Valle Pérez, dámoslles hoxe as gracias, no nome do Pobo Galego, pola extraordinaria contribución que fixeron os seus predecesores e pola que aínda fan eles, a prol do patrimonio cultural de Galicia e, por ende, para afianzarmos na convicción de sermos un pobo grande e inmorredoiro.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

4

A entrega das Medallas de Galicia é ocasión gratisima, pois o acto de premia-la virtude alegra o corazón non só ós premiados, senón tamén ós seus acompañantes: e non sería fácil dicir, se é ocasión da meirande ledicia para os que son honrados, ou para os que os honramos. É por iso que se entregan estas medallas no día máis sinalado para tódolos galegos, que é o vintecinco de xullo, data da festa civil galega e española do Día de Galicia, e data da festividade relixiosa galega e católica do Patrón Santiago.

Trátase dunha soa e única festa, e así sentiuse sempre entre nós. Nos escritos de Xesús Ferro Couselo, o publicista a quen está dedicado este ano o Día das Letras Galegas, pode verse un recordatorio máis do feito, cando reiteraba en 1952 a



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

conxunción de festa civil e relixiosa, e á par, galega e española, que ten o Día 25 de xullo, lembrando unha celebración do día do Apóstolo argallada en Veracruz, de México a finais do século dezaoitto<sup>1</sup>.

Ben se ve que, na conciencia galega histórica, esta que celebramos nós hoxe constitúe unha soa e única festa e que erran os que, últimamente, poñen o dito en tea de xuízo, baseándose no feito de que dende 1978 a Constitución vixente substituiu Estado unitario e confesional polo Estado autonómico e aconfesional. Pois ben, ó meu parecer, ningún deses feitos altera a natureza pluridimensional destas celebracións.

A Constitución máis ben a reforza, mediante a consagración do *pluralismo* no artigo 1.1º como *un valor superior do noso ordenamento xurídico*, e mediante a regra dos respecto ó pluralismo social consagrada no artigo 20 da

---

<sup>1</sup>“O 25 de xullo de 1795, os galegos residentes en Veracruz, na igrexa parroquial daquela cidade, celebran como en anos anteriores unha solemne función relixiosa, e á vez, sen dúbida, outra profana, en honor do Apóstolo Santiago”. Cfr. X. FERRO COUSELO, “Festa e sermón dos galegos de Veracruz o 25 de xullo de 1795”, *Lar*, 224-225 (1952.07.25 Buenos Aires) 49-60.



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

propia Lei Fundamental. Con toda razón pois, pode seguir a se-la festa do 25 de xullo entre nós o que sempre foi: festividade relixiosa do Patrón Santiago; festa militar, do Exército Español, singularmente da Arma de Cabalería; festa popular de centos de parroquias, vilas e asociacións, especialmente de confrarías de peregrinos e de centros de emigrantes; e festa política que trae a Compostela ó mesmo Rei de España, en persoa ou representado por un Delegado Rexio, facendo dela capital do Reino, de forma transitoria, pero por eso mesmo aínda máis honrosa.

Así que xa que sempre andaron mesturadas todas esas dimensións dunha mesma festa: a relixiosa, a militar, a social, a civil, a oficial, a privada e a pública; e xa que todas se celebraron sempre superpostas: que sigan así, logo. Cando cada ano, na catedral e nas prazas e rúas adxacentes, se entremesturen en Compostela os veciños, os peregrinos, os forasteiros, as procesións, a misa, á ofrenda nacional de España, feita pola Súa Maxestade en persoa, ou polo seu representante oficial, no seu nome, estase representando o más grandioso retablo vivo tradicional da nosa cultura. Polo tanto,




XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

¡que se repita outras cen mil veces! ¡que nunca deixe de ser así!

5

O Día de Galicia é tamén, segundo quería Castelao, precisamente “a festa maior de Galicia” e “a festa de tódolos galegos”. Un día que temos que aproveitar para fortalece-la conciencia de unidade e o sentimento de solidariedade. Data adecuada para fornece-la nosa unidade e capacidade de xuntanza. Momento propicio para queima-las olivieras da pacificación que esquecen rencores, envexas e celotipias. Momento preciso para reconciliarse coas raíces. Ocasión fasta para volver a confesar e publicar un profundo amor a Galicia. Tempo apropiado para facer promesa de sermos cada vez máis galegos na cultura e no sentimento. Circunstancia para mira-lo pasado e regresar ás raíces.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Pero tamén é o Día de Galicia pausa adecuada para mirar ó porvir. Para reforzar aspiracións lexítimas. Para proxectar empresas novas. Para corraxir erros antigos. Para sentar aspiracións realizables. Para desfacerse de complexos ancestrais. Para reforza-lo espírito competitivo que precisa a nova situación política española e europea. Para soñar futuros gloriosos para nós, para as nosas familias, para as nosas vilas, para Galicia enteira. En fin, para continua-lo gran labor de encarnar na realidade a elaboración conceptual da nova Galicia feita polas elites intelectuais galegas dende a xeración *Nós* ata a xeración *Galaxia*...

Non é fácil, pero é facedeiro. Só temos que pórmos a iso. A traducción do testamento espiritual deses precursores condénsase en sete regras:

Primeira: Abonda de laios e de aldraxes. Recuperémo-lo orgullo de seren galegos, membros dun pobo con personalidade propia e importante que se afirma no positivo, lonxe de calquera envexa ou resentimento.





XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Segunda: Basta de alienacións. Afondemos no noso ser, na nosa autoidentificación, na nosa lingua, na nosa cultura, nas nosas tradicións.

Terceira: Acabemos co illamento. Vertebrémo-lo noso territorio, articulémo-la nosa Comunidade, construíamos un sistema novo de infraestructuras.

Cuarta. Non máis fundamentalismos. Sintámonos galegos, españois e europeos, leais a Galicia, a España e a Europa.

Quinta. Abonda de cerrazóns e ignorancias. Abramos portas á educación, e fiestras á formación, e pasos á ilustración.

Sexta. Xa está ben de retraso. Adiantémonos ás novas tecnoloxías, apostemos polas autoestradas da información.

E séptima. Sobran os falangueiros. Falar de progreso é unha cousa, facelo é outra. Predica-la xustiza social é un



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

tópico: o importante é practicala e realizala. E así sucesivamente.

Achegáseno-la Galicia do terceiro milenio. Hai que mirar cara adiante, con realismo; deixarse de evasións, buscar iniciativas eficaces e alternativas prácticas.

Empreguémolo Camiño de Santiago, que somos europeos; sexamos audaces para competir e aproveitar un mercado de trescentos millóns de persoas.

Convíдовos a actuar tendo en conta esas sete ideas básicas agora, sendo conscientes de que estamos nun momento materialmente duro, e por iso nun bo momento para levantarlos corazóns e os espíritos.

Estamos achegándonos ó final dun século, que será tamén o final dun milenio. O noso mundo dispón cada vez de meirandes medios de produción e de comunicación. todo iso debería servir para satisfacer as necesidades humanas mínimas. Mais en realidade vemos cada día como crecen as



## XUNTA DE GALICIA

### PRESIDENCIA

capacidades de destrucción, de corrupción, de ameaza constante ós máis débiles. Carente de valores aceptados e mesmo de normas seguras, a humanidade débátese no aborrecemento, a desconfianza, a perda do sentido da existencia. O resultado é o pérfido tratamento da natureza, a confrontación entre os seres humanos, o descrédito da vida política, a falla de entendemento entre os sexos e as xeracións.

Mais non debemos, non podemos encara-lo novo milenio con pesimismo e resignación. Nada diso. Podemos orientar toda a nosa acción social cara á creación dunha orde de máxima liberdade e responsabilidade. Podemos dirixir toda a nosa acción política a garantir esa liberdade e esa responsabilidade; e podemos, á par, articular unha administración obxectiva e eficaz que promova a prosperidade e o desenvolvemento xeral. E podemos promover algo que é moi urxente: un novo impulso moral. Non esperemos nada xa de solucións utópicas. Non perdámo-lo tempo imaxinando solucións definitivas ós nosos múltiples problemas. Tratemos de resolvelos un por un, pouco a pouco, con actitude humilde e democrática, dialogando, participando, cooperando con todos,



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

buscando consensos básicos que nos permitan ir gañando a paz nosa de cada día...

Haberemos de tomar, fronte ós grandes problemas que convulsionan ó mundo, actitudes firmes e sólidas, e non exentas de sacrificios, por certo. Acadaremos aquelas e superaremos estes. Algúns intentarán a falsa saída da desorde: pero non haberá solucións sen orde. Nada de pesimismo respecto de Europa, nin respecto de España, nin respecto de Galicia. Tomemos en serio o principio de subsidiaridade e arranxaranse moitas dificultades. En todo caso, non o esquezamos: Galicia non pode erguerse soa, prescindindo de España e de Europa. E as tres comunidades son cousa de todos nós. Ninguén pode ir nestas empresas históricas como polisón...

Temos, pois, que traballar todos por Galicia sen desmaio e sen medo a fracasar nalgunha empresa. Os que non desafían a ninguén, os que non aceptan ningún reto, os que non loitan en ningures: eses nunca perden, pero tampouco gañan nunca nada. Convoco, entón, a traballar arreo por Galicia a tódolos galegos.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

E singularmente, agora, ós que non poden estar presentes neste acto.

## 6

Cando se discutía o primeiro Estatuto Galego de Autonomía -o que fora plebiscitado o 28 de xuño de 1936, fai agora 60 anos, merecéndonos así a dignidade de sermos unha Comunidade Histórica-, dixo o inesquecible Enrique Rajoy Leloup aquilo de que *Galicia necesita de todos nós e este é o momento de facer da nosa terra un pobo libre para rexe-la súa propia vida*. Fago miñas as súas moicións, agora, que estamos en moito mellor momento que en 1936. Pero cada día ten o seu afán e é preciso que tornemos neste Día de Galicia a tomar impulso da rememoración do pasado, para lanzármonos irresistibles á conquista do futuro. Con fe nos destinos de Galicia. Se, co concurso de tódolas galegas e galegos, nos propoñemos levala máis lonxe do que chegou nunca, conseguíremolo.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Non esquezamos que o Estado das Autonomías, por definición, segue a ser un *Estado*: nunha forma máis perfecta, pero *Estado*, e, polo mesmo, ó servicio da cohesión social e da solidariedade do conxunto.

Pero *Estado das Autonomías*, é dicir, con recoñecemento e identificación das particularidades dos seus pobos e territorios; con autogoberno e administración propia e integrada; con medios suficientes e equitativos de desenvolvemento para todos.

E con estes bos augurios volvo a felicita-la festa a tódolos nosos amigos e convidados, que a celebren connosco, nos nosos fogares; especialmente, ós peregrinos, turistas e visitantes vidos de todo o mundo precisamente para estar en Compostela o vintecinco de xullo.

Felicidade para os galegos de Santiago e das catro provincias. Para os que están na terra, e tamén para os



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

navegantes, e para os asentados ou viaxeiros noutras terras dos dous hemisferios.

Galicia envíalles no día da súa festa maior unha aperta a todos, especialmente ós ausentes, ós que seica nos seus lugares de veciñanza están celebrando xuntos o *Día de Galicia* e o *Día dos Emigrantes*. A aperta festiva de Galicia abrangue a todos, pero especialmente ós emigrantes que “en tal día como este reviven as súas lembranzas acumuladas”.

Dixen.